

## INFORME

**ASUNTO:** Consulta sobre o procedemento para o recoñecemento de trienios ao persoal laboral temporal municipal

**Destinatario:** Alcaldesa do concello de Muros (expediente número 646/2017)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 7 e 74 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP)
- Artigos 15.6, 22, 85.1 e 92 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, segundo a redacción vixente na actualidade (TRET)
- Artigos 33.1f), 90.2 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LBRL)
- Artigos 126.4, 127 e 177 do texto refundido da lexislación do réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRLRL)
- Artigo 18.5 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, dos Presupostos xerais do Estado para o 2017 (PGE'17)
- Artigos 62, 63, 85 b) e 89 do Convenio colectivo do Concello de Muros (código 1504692), publicado no Boletín oficial da provincia número 169 do 30 de xullo de 2009

### CONSIDERACIONS PREVIAS

A Alcaldesa do Concello de Muros solicita o 20 de novembro pasado un informe sobre o recoñecemento da antigüidade do persoal laboral temporal a efectos do cómputo dos trienios

Dende o concello nos confirman que resulta de aplicación o convenio colectivo referido no apartado anterior e que non esta en vigor ningunha relación de postos de traballo ou instrumento semellante a que se refire o artigo 74 do TREBEP

## **ASPECTOS LEGAIS OBXECTO DA CONSULTA MUNICIPAL**

### **1. Dereito a trienios do persoal laboral temporal**

Compartimos o criterio exposto no informe do interventor accidental de data 10 de decembro de 2015 e recollido no apartado tres, de trienios do persoal laboral, da acta 4/2016 da mesa xeral de negociación do persoal laboral do concello de Muros, de que “considerase que corresponde o percibo da antigüidade polo persoal laboral temporal por cada tres anos de servizos prestados (...) resulta(ndo) de aplicación o artigo 15.6 do TRET que recoñece aos traballadores con contratos temporais e duración determinada os mesmos dereitos que os traballadores con contratos de duración indefinida, sen prexuízo das particularidades específicas de cada unha das modalidades contractuais. Por outra banda debe terse en conta que varios dos traballadores afectados, prestaron servizos con anterioridade e de xeito descontinuo neste concello, o que non obsta para que ditos períodos se computen como servizos efectivamente prestados a efectos do cálculo do complemento de antigüidade dos traballadores temporais, tal e como se indica nas sentenzas do Tribunal Supremo (STS 11/05/2005; STS 1/3/2007; STS 28/06/2006 e 25/01/2011)”

### **2. A clasificación dos postos laborais como un requisito necesario para a determinación da cuantía aplicable dos trienios**

O artigo 85b) do convenio colectivo establece que os trienios, que forman parte das retribucións básicas, consisten nunha cantidade , que será igual para cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso que este non teña subgrupo, por cada tres anos de servizo.

Pola súa banda, o artigo 62 do convenio establece que as distintas categorías do persoal laboral municipal clasifícanse de acordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos.

Sendo a relación de postos de traballo o instrumento que comprende, entre outros, os grupos de clasificación profesional coa titulación esixida para o desempeño e as categorías profesionais do persoal laboral, segundo o disposto no artigo 63.1 do convenio.

Compre poñer de manifesto que todas as Administracións Públicas están obrigadas a dispoñer dunha relación de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos semellantes, xa que o artigo 74 do TREBEP esta a utilizar unha expresión imperativa cando se refire a esa relación.

Entre as materias que serán obxecto de negociación sindical están as normas que fixen os criterios xerais dos sistemas de clasificación dos postos de traballo e os plans e instrumentos de planificación dos recursos humanos (artigo 37.1.c) do TREBEP). No

D:\Users\josemaria.perez\Documents\Textos\Consultas\Consulta sobre trienios do persoal laboral.docx 2

cumprimento desta disposición legal, a mesa xeral de negociación do persoal laboral do concello de Muros chegou a un acordo por unanimidade o 10 de decembro de 2015 (acta 4/2016) para o recoñecemento dos trienios que son o resultado dunha clasificación de grupos profesionais do persoal laboral temporal. Porén, haberá que trasladar esa clasificación negociada a unha relación de postos de traballo para que ese acordo sexa efectivo.

Para a tramitación e aprobación da relación de postos de traballo haberá que estar ao disposto nos artigos citados da LBRL e o TRLR

### **3. A determinación da cuantía dos trienios pola Lei dos Presupostos xerais do Estado para o 2017**

O artigo 89 do convenio sinala que as contías das retribucións básicas, das que forman parte como xa dixemos anteriormente os trienios, serán as que anualmente establece a Lei dos orzamentos xerais do Estado para os funcionarios públicos.

Polo que se resultarán de aplicación os importes dos trienios previstos no artigo 18.5 dos PGE'17 unha vez teña entrado en vigor a relación de postos de traballo coa clasificación dos postos do persoal laboral.

### **4. A necesidade de modificar o vixente convenio para recoller determinados aspectos non previstos para o cálculo dos trienios**

A determinación dos trienios para os traballadores a tempo parcial, computo dos servizos prestados en período de proba, excedencia forzosa e tempo de servizo militar non están previstos no convenio, polo que os criterios utilizados no apartado cuarto do informe da tesourería, aínda que son coincidentes cos previstos no artigo 26.1 do 5º Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia, carecen de soporte legal namentres non sexan recollidos neses termos ou outros no convenio colectivo do persoal municipal mediante a correspondente emenda do mesmo.

Para proporcionar unha maior seguridade xurídica, compre tamén facer unha emenda do convenio para recoller os criterios de clasificación profesional e a equiparación dos postos actualmente existentes ou os novos que se poidan crear. Para tal finalidade, entendemos que podería ser de utilidade o estudo dos aplicados nos artigos 14 e seguintes e os anexos I e II do III Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado e os anexos I-A e II-A do devandito convenio do persoal

Autonómico.

#### **5. A posibilidade de adherirse ao 5º Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia**

Unha alternativa ao sinalado no apartado anterior, para o reforzamento da seguridade xurídica nas cuestións sinaladas, sería que as partes lexitimadas para negociar chegaran ao común acordo de adherirse ao 5º convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Se ben en principio o artigo 92 do TRET esixe que a adhesión se refira a totalidade do convenio en vigor, nembargante, a liberdade de negociación do artigo 85.1 do TRET permitiría que as partes no uso da súa liberdade de negociación optaran por unha adhesión parcial ao artigo 26.1 e aos anexos I-A e II-A do convenio único, así como a outros contidos que se consideren convenientes aplicar ao persoal laboral municipal. Un posible acordo parcial de adhesión é admitido na sentenza do 18 de xullo de 2014 do Tribunal superior de xustiza de Cataluña (Sala do social, sección 1ª, sentenza nº 5413/2014, recurso 2073/2014).

#### **CONCLUSIONS:**

- a) O persoal laboral temporal ten dereito a trienios segundo o disposto na nova redacción do artigo 15.6 do TRET e a xurisprudencia citada
- b) Para a aplicación dos trienios ao persoal laboral é requisito imprescindible que os postos de traballo se clasifiquen e que se recollan nunha relación de postos de traballo que terá de aprobar a Corporación local
- c) A cuantía dos trienios será a prevista nos PGE'17
- d) O convenio colectivo haberá que emendalo para que regule os trienios dos traballadores a tempo parcial, computo dos servizos prestados en período de proba, excedencia forzosa e tempo de servizo militar
- e) Tamén haberá que recoller no convenio os criterios de clasificación profesional e a equiparación dos postos actualmente existentes ou os novos que se poidan crear cun detalle semellante ao utilizado nos convenios únicos do persoal laboral da Administración xeral do Estado ou o da Xunta de Galicia

- f) E posible legalmente adherirse ao 5º Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia, ben na súa totalidade ou parcialmente nos aspectos xa comentados

E todo canto debemos informar e a salvo dun mellor criterio en Dereito.

A Coruña, 24 de novembro de 2017

O viceinterventor